

O nacionalismo populista no Perú de Velasco Alvarado

Por Ramón Lugerís

O encontro co nacionalismo

Xuño de 1969 nun restaurante de moda en Bogotá. Os hospitalarios amigos colombianos estaban un pouco incómodos coas nosas opinións encol dos problemas sociais do país. Despois de ter pasado un día nun elegante club (“traémo-lo céspede dende Inglaterra para o campo de golf”), non tiveramos mellor idea que lles dicir que o club parecíanos coma as “aldeas fortificadas” que daquela había no Vietnam. “Pode que un día o 5 por cento do país que vive ben teña que parapetarse no club, defendido por metralladoras, cando os indios das barriadas dean o paso definitivo para borrar a fronteira que hoxe ten a Colombia dividida”.

Cando máis animada estaba a discusión, noutra mesa alguén berrou “¡Arriba Perú!”. Era un pequeno grupo de señoras e militares peruanos que estaban brindando pola “revolución” de outubro de 1968. Na Colombia do Pacto liberal-conservador o orgullo nacional dos peruanos desentoaba. O presidente Lleras estaba nos Estados Unidos, entrevistándose co presidente Nixon, aos poucos días de ser ter firmado en Bogotá o “Acordo de Integración Subrexional”, ou “Pacto Andino”, que era a expresión máis nidia do desenvolvemento liberal, co que concordaban os nosos anfitrións. O brindes dos peruanos parecían de mal gusto, polo menos, e posiblemente un síntoma de retroceso do seu socio andino. Pasou a hora dos nacionalismos, pensaban: o nacionalismo é algo reaccionario e intolerante.

A prensa colombiana, malia o Pacto Andino, atacaba case cada día aos militares peruanos que o 3 de outubro de 1968 derrocaran ao presidente Belaúnde, puxeran na Presidencia da República ao xeneral Velasco Alvarado e suspenderan o funcionamento da democracia parlamentaria. Un réxime nado dun golpe de Estado e amparado na bandeira do nacionalismo era –dicían os civilizados colombianos– un lameiro de arbitrariedades.

Non faltaban arbitrariedades no novo réxime peruano. Os órganos de opinión xa tiñan sufrido as consecuencias dunha actitude manifestada polo xeneral Velasco Alvarado, cando un xornalista lle preguntara se o réxime respectaría a liberdade de prensa: “Si –respondeu o xeneral–, mais depende do que publiquen os xornais⁽¹⁾”. Nos medios peruanos identificados co desenvolvemento estilo “Alianza para o progreso”, podíanse escoitar ecos dos liberais colombianos, no sentido de que o nacionalismo do novo réxime era un retroceso porque retroceso era todo nacionalismo.

(1) CASTAÑEDA, M.: *No sólo de nacionalismo vive el hombre*, en *Life en español*, 14 de xullo de 1969.

Tamén terían opinado o mesmo, ata pouco tempo antes, moitos representantes das esquerdas peruanas. Mais, mesmo nos medios esquerdistas revolucionarios, comezábbase a recoñecer, non só a utilidade, senón a necesidade do nacionalismo na América Latina. Régis Debray, daquela na cadea en Bolivia por presunta complicidade coa guerrilla de Che Guevara, escribía unha carta a un amigo boliviano, estudante en Oxford, pouco antes do golpe de Estado que derrocou en Bolivia ao presidente Siles Salinas e levou ao poder ao xeneral Ovando, e dicía: “A nación pertence á esencia desta época e non debemos crer nin unha palabra do socialismo que non conteña tamén un nacionalismo. O case absoluto silencio dos marxistas europeos sobre a cuestión do nacionalismo terá que ser vista un día como a máis cara e ruínosa de tódalas omisións históricas... Nunca haberá neste continente unha nación auténtica sen socialismo revolucionario, do mesmo xeito que nunca haberá socialismo sen nacionalismo revolucionario⁽²⁾”.

A validez dese xuízo pode quedar ilustrada se se pensa que a maioría dos países latinoamericanos nunca chegaran a perfeccionaren a *nacionalidade* que lles conferira a independencia gañada contra España e Portugal. Quer dicir que non acadaran encadrar nunha idea de nación os diversos elementos humanos dos seus países. De feito, coexistían dentro de cada país dúas *nacións*: unha, activa, identificada co Estado e dona dos resortes económicos; a outra, pasiva, que en moitos casos non participaba da vida económica máis que coma instrumento e que poucas veces participara na vida política.

Non falamos aquí das “dúas nacións” no senso do “dualismo” da sociedade hispanoamericana, tan xustamente criticada por Rodolfo Stavenhagen⁽³⁾. A tese dualista afirmaba que nos países latinoamericanos había dúas sociedades diferentes e, en certo senso, independentes: unha sociedade arcaica, tradicional, inmutable, e unha sociedade “moderna”, orientada cara a evolución e foco do desenvolvemento económico. Esas dúas sociedades constituían unha das nacións; a outra era a que realmente non tiña rol que representar. Esa era, coidamos, a interpretación que aceptaban as esquerdas peruanas, ou parte delas polo menos, cando propuñan unha revalorización do nacionalismo para integraren realmente ás dúas “sociedades”.

Probablemente esa nova valoración de nacionalismo era o que inspiraba a autores como Víctor Alba desconfianza fronte á onda nacionalista, cando denunciaba a “tecnocracia autoritaria” dos réximes nacionalistas latinoamericanos, que, ao seu entender, podían encubrir unha conspiración oligárquica ou –que era o que realmente lle preocupaba– unha conspiración de comunistas “de tódolos matices e a lumpenesquerda” que aproveitarían o nacionalismo para se faceren co poder⁽⁴⁾.

Aplicando conceptos do mundo desenvolvido, o nacionalismo sería reaccionario porque, por exemplo, impediría a formación de grupos de categoría su-

(2) Carta publicada, en inglés, por Christopher Roper en *The Sunday Times*, Londres, 5 de outubro de 1969.

(3) Crítica recollida como apéndice en MERCIER VEGA, Luis: *Mecanismos de poder en América Latina*, Colección Historia Inmediata, EDIMA, Barcelona 1968.

(4) Vid, por ex., *El ascensor del militarismo tecnocrático*, Ediciones de Panorama, México 1963.

perior ás nacións. Interpretado no contexto latinoamericano, o nacionalismo podía ser unha forza positiva que trataría de crear unha identidade nacional nun ámbito que se caracterizaba polo dominio dun pequeno sector da comunidade sobre a maioría desposuída e pasiva.

Estas consideracións lévanos ao concepto de “nacionalismo populista”, que propuxera nun excelente estudio Louis L. Snyder⁽⁵⁾ como típico de América Latina. O nacionalismo populista trataba, en primeiro lugar, de diferenciarse do nacionalismo tradicional, defendido polas vellas oligarquías latinoamericanas para protexer os seus intereses e que perpetuaba a división entre unha minoría privilexiada e unha maioría desposuída que utilizaba á súa conveniencia inxectándolle chauvinismo. O nacionalismo populista, en troques, pretendía a total participación popular e, nese senso, manifestábase inimigo inmediato das institucións liberal-parlamentarias, que tiñan perpetuado a división nacional. O populismo era un proceso de rebelión e de incorporación. Orixinalmente, o nacionalismo populista entraba en xogo pouco menos que con neutralidade ideolóxica. A ideoloxía xurdía máis adiante, moitas veces en función de factores internacionais e, principalmente, en función da reacción que puidera provocar nos Estados Unidos.

A derradeira oportunidade para os civís

A Xunta Militar que derrocou ao presidente Belaúnde representou unha etapa dun proceso que tiña comezado había xa moitos anos e que tivera o seu primeiro gran triunfo coa Presidencia de Belaúnde. Os militares que derrubaron a Belaúnde non tiñan intención de inventaren algo novo, senón continuaren unha obra que o derradeiro presidente constitucional prometera levar a cabo e que se asolagara na requintada vida política parlamentaria. En realidade, por moito que no 1968 se falara de revolución, o que estaba acontecendo era un novo capítulo dunha obra reformista burguesa, como logo fora recoñecendo a esquerda peruana.

Xa no 1962 os militares levantáranse para remediar, segundo dicían, “o fraude electoral” que levara á Presidencia da República a Manuel Prado, representante da dereita latifundista e bancaria. Naquel intre, os xefes militares decidiran ocupar o poder soamente ata que as circunstancias lles permitiran entregar o mando a un goberno comprometido na tarefa de levar adiante reformas estruturais radicais no país. Ese período de interinidade durou un ano, que os militares aproveitaron para encetar un programa de reforma agraria, cuxo centro neurálxico estaba no Val da Convención, eido do movemento agrario dirixido polo trotskista Hugo Blanco. Simultaneamente, os militares introduciran un elemento “revolucionario” na economía peruana: a planificación. Ata entón, ningún goberno tivera a intención de saír do puro mecanismo liberal da economía, e a palabra “planificación” conxuraba imaxes de socialismo estatizador nos medios dirixentes da economía.

(5) SNYDER, Louis L.: *The New Nationalism*, Cornell University Press, 1969.

Os militares non se decidiran a manter o poder político, aínda que entre os xefes do exército, e principalmente entre os coroneis, que no 1968 xa eran xenerais, da denominada “promoción terremoto”, había partidarios de non voltar á “normalidade” parlamentaria. Había, con todo, moitas razóns, nacionais e internacionais, que aconsellaban a devolución do poder aos civís. No ámbito nacional, a cada día maior forza do movemento de Acción Popular, dirixido por Belaúnde, que predicaba reformas próximas ás previstas polos militares. No ámbito internacional, era o momento de gloria da “Alianza para o Progreso”, inspirada polo presidente Kennedy, que favorecía (e nalgúns casos impuña) o establecemento de réximes parlamentarios comprometidos á reforma radical das nacións latinoamericanas. Era o momento de Betancourt, en Venezuela; de Goulart, no Brasil; de Frei, en Chile; de Bosch, na República Dominicana. Era o momento de ensaiar a fórmula reformista democrática como demostración de que non era necesaria unha revolución “fidelista” nin unha dictadura militar ao estilo tradicional.

No Perú, onde Acción Popular e Fernando Belaúnde Terry militaban, dende 1956, a prol dun nacionalismo populista, os militares decidiran confiar novamente o poder aos elementos civís. Era, como se afirmou nos medios castrenses, “a derradeira oportunidade histórica dos civís” para resolveren os problemas fundamentais do país.

Unha economía subdesenvolvida

A economía peruana non padecía a traxedia do monocultivo como noutros países da América Latina, mais si padecía a traxedia de tódolos países en vías de desenvolvemento: a de ser unha economía de exportación de materias primas, polo que o seu centro dinámico de crecemento non estaba no territorio nacional, senón noutros países e fundamentalmente nos Estados Unidos, que controlaban as grandes empresas que extraían ou comercializaban os produtos peruanos. Era, dito cruamente, unha economía colonial, cuxa estrutura era consecuencia da historia do país. A dominación española establecera unha economía orientada cara a exportación de minerais, alén da estruturación agraria do país en grandes latifundios.

O Perú republicano continuou o camiño do colonial, sen chegar a integrar a tódolos elementos nunha “nación”. En consecuencia, a economía fora pasando de mans en mans, dependendo de quen mandara no mundo, tendo herdado Inglaterra de España o poder económico para logo cedelo aos Estados Unidos.

No ano 1968 as actividades económicas máis dinámicas estaban orientadas cara a exportación e, ao seren en boa parte propiedade directa (e noutros casos, indirecta) do capital estranxeiro, os beneficios económicos non se traducían na creación de emprego nin no progreso xeral da economía. A industria da fariña de peixe (que era a máis importante do mundo), a minería e outras industrias chegaran a representaren a segunda partida máis importante do PNB, a continuación dos servicios. Mais, de feito, a actividade económica máis importante do país era a agropecuaria. Entre os cam-

pesiños, que eran o 37% da forza laboral e os obreiros agrícolas, que constituían o 8,2%, ese sector da poboación activa era o máis nutrido, fronte ao 15% de obreiros non agrícolas, ao 19,8% de empregados, o 15,8% de traballadores independentes e o 3,7% de traballadores domésticos.

Mais o produto do sector agropecuario era moi pequeno, soamente un 16% do PNB, e, por unha banda, as actividades agropecuarias estaban moi atrasadas e, por outra, ao estar moi concentrada a propiedade da terra, o ingreso e a riqueza estaban en moi poucas mans. Calculábase que case 6 millóns de persoas gañaban uns 3 dólares ao mes, mentres que menos de 90.000 persoas percibían case 700 dólares.

Ao rematar o século XIX, Perú descubriu a fonte de riqueza que ía condicionar parte da súa vida nacional: o guano. A importancia do guano acumulado durante milleiros de anos polas aves mariñas ía atraer o capital estranxeiro, que ampliaría o seu poder a tódolos demais sectores da vida económica. As primeiras obras de infraestrutura para a industrialización datan de entón; en particular dun contrato, o “Contrato Grace”, polo que se entregaba a riqueza do país (o guano) e a principal inversión estrutural (os ferrocarrís) á Gran Bretaña.

Viñeron logo a explotación das minas de cobre e do petróleo e a implantación de grandes empresas foráneas no Perú, como a Cerro de Pasco Corporation ou o grupo Gildermeister, o maior propietario de terras do país, con inversións na banca, en seguros, prensa, petróleo, pesca, industrias químicas, e outras. E, naturalmente, as grandes compañías petroleiras, coma a IPC, que ía se converter nun dos principais obxectivos do réxime de Velasco Alvarado.

Xa no segundo decenio do século XX os elementos progresistas peruanos sabían que para un desenvolvemento efectivo da economía era necesario, primeiro, unha reforma agraria radical; segundo, unha política encamiñada a eliminar o illamento das rexións do país, non polo camiño da centralización, senón polo fomento rexional; e terceiro, o resgate dos recursos enerxéticos e estratéxicos, quer dicir, nacionalizar (ou “peruanizar”, como se dixo para non espantar aos inversores estranxeiros) o petróleo e os minerais máis importantes.

A independencia deixara ao Perú sen unha elite preparada para administrar o país como unha unidade. O Perú sufriu entón un proceso de desagregación, con pequenas sociedades rexionais confederadas tenuemente que coincidían coas unidades xeográficas fundamentais que constitúen o país. O poder non se concentrou realmente en Lima, onde foron sucedéndose xenerais e presidentes como inquilinos do Palacio de Pizarro. A verdadeira autoridade quedou nun principio nos propietarios das zonas da serra e da selva, que logo foran quedando atrasados ao seren superados pola aristocracia da costa, dinamizada pola explotación do guano, que producía diñeiro que ía ser invertido na mecanización da explotación da cana e do algodón.

Mais non cómpre coidar que estamos a falar dunha oligarquía puramente “nacional”, que podía autofinanciarse e desenvolver as súas empresas sen axuda de capital estranxeiro. Non había posibilidade de autarquía cando o desenvolvemento do mercado interno peruano era moi limitado e cando os produtos industriais estaban

dirixidos cara a exportación. Por outra parte, os capitalistas “nacionais” tiñan tendencia a sacaren do país a maior proporción das súas fortunas para invertir en empresas que nada tiñan que ver co Perú.

Desa premisa partiran os diversos movementos e partidos de tendencia populista que xurdiron no Perú na primeira metade do século XX. Algúns coa idea de “domar” o poder oligárquico e estranxeiro, sen atacalo nas súas raíñas. Outros, dispostos a nacionalizalo. O instrumento principal que uns e outros querían utilizar era a masa popular, que ía tomando conciencia política; mais todos eles atopáronse con que a chave do éxito estaba no partido que tomara outra forza poderosa: as Forzas Armadas.

As forzas políticas

“¡Víctor Raúl, Víctor Raúl, contigo hasta la muerte!”, berraba unha multitude que ía escoitar o discurso de Víctor Raúl Haya de la Torre, o 22 de febreiro de 1969, chegado ao Perú despois de dez anos de estancia en Europa. Cen mil partidarios aclamaban a unha das figuras máis importantes da política latinoamericana. Importante e fracasada, porque aos seus 74 anos o vello loitador, agora un pouco fofo e desengañado de moitas ilusións, xa quedara superado pola realidade latinoamericana.

Haya de la Torre entrara na vida política en 1919, sendo dirixente estudantil. Desterrado por causa das súas actividades, funda en México en 1924 a xa mencionada APRA, partido que pretendía ser a primeira organización política a escala “indoamericana” como dicía Haya⁽⁶⁾. Acusado pola dereita de ser “un comunista camuflado” e dende as esquerdas de “fascista disfrazado”, a traxectoria de Haya e do seu partido, peza fundamental da vida peruana, é a historia dun fracaso.

As orixes doutrinarias do aprismo encádranse nunha interpretación marxista da realidade. “Aceptamos marxísticamente a división da sociedade en clases e a loita desas clases como expresión do proceso da historia⁽⁷⁾”. Os puntos fundamentais do seu programa eran: Acción contra o imperialismo ianqui; unidade política de Indoamérica; nacionalización de terras e industrias; internacionalización do Canal de Panamá, e solidariedade con tódolos pobos e clases oprimidas do mundo. A primeira vista, ese programa podía ser subscrito por un partido comunista; mais Haya de la Torre afastábase da ortodoxia marxista nun aspecto fundamental: pretendía aproveitar o imperialismo como forza modernizadora. O imperialismo, que en Europa é a última etapa do capitalismo –dicía na obra xa citada– (...) en Indoamérica é a primeira etapa. Para os nosos pobos, o capital inmigrado e importado constitúe a etapa inicial da súa idade capitalista moderna.

(6) Haya de la Torre refugaba totalas denominacións, á parte da “indoamericana”: “o hispanoamericanismo corresponde á época colonial; o latinoamericanismo, á época republicana; e o panamericanismo é expresión imperialista ianqui”, dixo nunha conferencia en 1927.

(7) *El antiimperialismo y el APRA*, 1928. As referencias a textos de Haya proceden das súas *Obras*, publicadas por Las Ediciones Pueblo, Lima. No II volume figura *El antiimperialismo...*

Considerando esa opinión de Haya, e o feito de que foi motivo dunha grave diverxencia con Juan Carlos Mariátegui –o gran teórico do comunismo no Perú–, compre sinalar que este derradeiro adiantouse a interpretacións comunistas posteriores que viron no neocolonialismo a etapa final do capitalismo. Porque neocolonialismo era, en opinión de Mariátegui, o rol dese capitalismo inmigrante de que falaba Haya.

Nunca é doado debuxar a divisoria entre populismo de esquerdas e populismo fascista. E así acontece no caso do APRA. Dende a minuciosa e ríxida organización das células do partido ata o culto á personalidade do “Xefe Máximo”, as características do APRA sempre resultaran un pouco equívocas en termos de dereitas e esquerdas.

O fracaso do partido hai que procuralo na forza dos seus inimigos. En primeiro lugar, o Exército, que nunca esqueceu o asasinato de oficiais en Trujillo, no 1932, nin a serie de sublevacións nas que participou o APRA. Por outra banda, os sectores tradicionalistas non vían diferenza entre aprismo e comunismo. Dende as esquerdas, o comunismo atacaba constantemente a Haya de la Torre. E, alén de todo eso, a insuficiente evolución das forzas sociais peruanas. “As masas en que confiaba Haya –escribiu François Bourricaud, un dos máis agudos investigadores da sociedade peruana⁽⁸⁾– aínda estaban inmersas de máis nas súas tradicións para que un adoutramento ideolóxico puidera sustraelas da antiga sociedade agraria semifeudal. E os obreiros e mineiros estaban aínda pouco organizados e o seu número non era dabondo para facer contrapeso á inercia indíxena. Por outra parte, a radicalización ideolóxica das clases medias tiña sido soamente parcial, e grandes sectores permaneceran refractarios á prédica revolucionaria”.

O primeiro intento de revolución populista no Perú nunca chegou a conquistar a Presidencia. Moitas das ideas que defenderan Haya e os seus partidarios dende 1931 pasaron a ser parte doutros movementos posteriores. Os apristas dicían que llas roubaran. En realidade, había un acervo de ideas fundamentais que a realidade peruana impuña a calquera movemento que pretendera a transformación do país, por moito que lle pesara.

A outra forza política importante era a que representaba *Acción Popular* (AP) do presidente Fernando Belaúnde Terry, que sería derrocado por Velasco. Arquitecto de formación, presentábase como “pragmático”, fronte aos chamados “termocéfalos” do seu propio partido, encetou unha certa tendencia esquerdizante que procurou achegarse estratéxicamente ao APRA, e propuxo como bandeira da súa acción “o Perú como doutrina”. Pretendía unha autarquía ideolóxica, baseada na tradición indíxena, non para tirar conclusións que levaran ao comunismo, senón para procurar modelos que serviran de orientación para unha ideoloxía moderna.

O movemento belaundista non era un fenómeno illado, senón parte dunha corrente anoadora que comezara a sentirse nos anos 50. Mesmo se a reforma electo-

(8) BOURRICAUD, François: *Notas sobre la oligarquía peruana*, en *La oligarquía en el Perú: 3 ensayos y una polémica*. Colección Perú-Problema, Moncloa Campodónico Editores, Lima, 1969, p46. (O ensaio tiña sido publicado orixinalmente na “Revue Française de Science Politique”, en 1964).

ral non fora profunda (os analfabetos non tiñan dereito de sufraxio), había unha nova proporción de electores (en 1962 eran en total 2.222.926) que non se adscribía xa aos bloques tradicionais (partidos oligárquicos e APRA). É nese sector onde encontrarían a súa clientela AP e tamén o *Partido Demócrata Cristiano* (PDC) e o *Movemento Social Progresista* (MSP). Por outra banda, as masas chegadas do interior do país e concentradas nas barriadas formarían a clientela doutro partido importante, a *Unión Nacional Odríista* (UNO) do vello dictador xeneral Odría, que, logo de ter gobernado de 1948 a 1956, pretendía volver co apoio das clases populares.

O PDC foi a forza que, aliada con AP, facilitou o triunfo de Belaúnde nas eleccións, mais non chegara a producir grandes figuras políticas, á parte de Luis Bedoya Reyes, que foi alcalde de Lima de 1963 a 1969. Pola súa parte, o MSP era o típico partido de intelectuais, ideoloxicamente moi claro, mais que non convence ao electorado. Servía como reactivo ideolóxico para outros grupos máis dinámicos, mais non triunfou directamente. Colaborou con Belaúnde, mais non quixo deixarse absorber e chegou a presentar un candidato ás eleccións de 1962, Alberto Riuz Eldredge (que logo sería negociador da Xunta velasquista cos Estados Unidos no problema da nacionalización da petroleira IPC). O candidato do MSP soamente acadou o 0,53% dos votos.

Teoricamente, non debería ter faltado clientela ao MSP porque os obxectivos do partido eran claramente socialistas, mais non conectou coa súa potencial base. ¿Por que? Tal vez porque as minorías que poderían ter sido o brazo executivo das ideas do MSP estaban procurando algo semellante polas vías anticonstitucionais da acción directa na Serra peruana.

As guerrillas, outra dimensión do problema

Do mesmo xeito que o reformismo, animado polos Estados Unidos, fora unha expresión da conciencia dos graves problemas estruturais latinoamericanos, a Revolución Cubana foi outra expresión desa mesma conciencia, que axiña atopou imitadores noutros países. A “subversión cubana” foi unha fórmula útil para quen se decantara pola teoría conspiratoria da historia; mais o certo era que non tería xurdido si non existiran problemas que podían xustificala.

Eses problemas existían no Perú e, alén diso, as actividades propagandísticas dos políticos a partir de 1956 abriron o camiño aos movementos de acción directa. Primeiro, Belaúnde, cando percorrera o país *pueblo por pueblo*, e logo os outros candidatos que participaron nas eleccións de 1962, espallaran a mensaxe da distribución da terra e da redención do esquecido traballador rural.

Cómpre mencionar dous exemplos. Primeiro, o caso de Hugo Blanco, que fundou en 1962 a *Fronte de Izquierda Revolucionaria* (FIR), gromo do trotskismo peruano. Hugo Blanco, que entrara no trotskismo cando estudiara agronomía en Bos Aires, decidiu pasar á acción directa inspirándose na Revolución Cubana. O seu campo de acción foi o Valle de la Convención (Cuzco), onde aproveitou a existencia dun

movemento de sindicalización dos traballadores para darlle contido político. Producíanse alí as famosas “invasións” de terras, que eran consecuencia de vellos preitos entre indios e latifundistas e que eran un fenómeno moi puntual: unha vez ocupada a finca pola comunidade india que reivindicaba a propiedade, acababa o episodio. En troques, a sindicalización era un movemento que defendía os dereitos dos “achegados”, traballadores indíxenas en réxime de case servidume, que traballaban a terra para “colonos”, que, á súa vez, eran empregados de “arrendires”, que arrendaban terras dun propietario.

Outro exemplo é o da “nova esquerda” revolucionaria, formada por catro grupos: o *Movimiento de Izquierda Revolucionaria* (MIR) e *Vanguardia Revolucionaria*, desprendidos os dous do APRA; comunistas desenganados do seu ineficaz partido, que formaron o *Ejército de Liberación Nacional* (ELN) e outros grupúsculos, e os trotskistas, como Hugo Blanco.

As actividades de Hugo Blanco –escribiu Héctor Béjar dende unha cárcere peruana⁽⁹⁾– crearon un forte ímpeto revolucionario, que estaba nun intre culminante cando o mozo agrónomo foi detido polas autoridades en 1963. Belaúnde non comprendeu a importancia do movemento sindicalista e en 1964 hai unha serie de detencións de dirixentes sindicais e políticos en Cuzco; hai unha nova invasión de terras, as tropas disparan e matan a 17 persoas.

Os grupos esquerdistas interpretaron os acontecementos, e a promulgación dunha lei de reforma agraria aprobada por un Congreso dominado pola oligarquía, como demostración de que o reformismo non tiña futuro. O ELN pasou á acción directa, mais non chegou a se entender co MIR, que mantiña a tese de que primeiro había que crear unha organización política que servira de apoio ás guerrillas. Como aconteceu co Che Guevara en Bolivia, os guerrilleiros peruanos non podían entenderse cos indios porque non falaban quechua, nin estaban preparados para unha vida durísima de campamento e de marchas a máis de 3.000 metros de altitude.

En 1965, o exército peruano, baixo o mando de Velasco Alvarado lanzou unha campaña nacional anti-guerrilleira que aniquilou aos grupos combatentes.

Petróleo e dignidade nacional

O 9 de outubro de 1968, aos seis días do derrocamento de Belaúnde, as tropas peruanas ocupaban o complexo petrolífero de Talara, co apoio case unánime do país porque o problema de Talara convertérase nunha cuestión de dignidade nacional e fora o motivo inmediato do golpe contra o réxime belaudista.

“A revolución está en marcha”, proclamou Velasco Alvarado, e realmente era así porque aquel primeiro acto de afirmación nacionalista desencadeou unha serie de

(9) BÉJAR RIVERA, Héctor: *Perú 1965: Apuntes sobre una experiencia guerrillera*, Casa de las Américas, La Habana, 1969.

decisións que ían caracterizar o novo réxime. Fora unha decisión adoptada contra unha empresa que, segundo opinión da maioría dos peruanos, tiñase aproveitado ilícitamente dos recursos naturais do país, mais que inmediatamente pasou a ser un problema internacional por obra do *grupo de influencia* petroleiro norteamericano, que contaba co respaldo dunha decisión do Departamento de Estado, de xullo de 1957, na que se declaraba que “unha política contraria aos intereses das compañías petroleiras sería (...) contraria aos intereses dos Estados Unidos⁽¹⁰⁾”. No caso de Talara, a empresa danada era a International Petroleum Company (IPC), subsidiaria do grupo Standard Oil, e asociada no Perú á compañía Lobitos (do grupo British Petroleum-Shell). Talara era obxecto dun interminábel pleito que comezara nos derradeiros anos do século XIX e que pasou por moitas etapas, sempre contaminadas pola forza “neocolonialista” de norteamericanos e británicos.

Cando Belaúnde chegou á Presidencia tivo idea de resolver o pleito e convenceu ao Congreso peruano de que lle permitira facelo mediante decreto-lei, mais non tivo valentía dabondo para se enfrontar á IPC. Aos poucos días de ter sido aprobado o decreto-lei, o presidente Kennedy foi asasinado e, coa súa morte, desapareceu a maior forza con que Belaúnde contaba para levar adiante as súas reformas. A política dos EEUU mudou radicalmente. O presidente Johnson nomeou subsecretario de Estado para asuntos interamericanos a Thomas Mann, persoa que espertaba moitas sospeitas en tódolos países latinoamericanos que lembraban, entre outras cousas, a súa actuación como promotor da operación contra Cuba en Playa Girón. E Belaúnde nunca chegou a recibir a axuda económica que os EEUU lle prometeran. Por outra parte, tanto a IPC como outras empresas norteamericanas, para se curaren en saúde, comezaron un proceso de desinversión que baleirou de capital as empresas. Como sinalou Carlos Malpica, economista peruano, “a empresa ten reexportado case todo o seu capital e as súas reservas (...) A IPC non ten con que pagar a forte débeda que ten co país⁽¹¹⁾”.

As negociacións para solucionar o problema petroleiro foron dilatándose e, cando xa todo parecía preparado, desapareceu unha páxina do contrato; páxina na que, aparentemente, figuraban datos sobre prezos de venda do petróleo. Naturalmente, o caso tiña aspecto de pretexto e, en realidade, a prensa antibelaundista xa sabía que estaban preparados os detalles do golpe militar.

Despois dunha entrevista tormentosa entre Belaúnde e Velasco Alvarado, daquela xefe do Comando Conxunto das FFAA, en setembro de 1968, os acontecementos precipitáronse e o 2 de outubro os militares derrocan a Belaúnde, que é expulsado a Bos Aires.

O día 9, o Goberno revolucionario das FFAA promulgaba o Decreto-lei nº 4, que dicía no seu artigo primeiro: “Declárase de necesidade, utilidade e seguridade públicas a expropiación do denominado Complexo Industrial de Talara...”.

(10) Citada en *Hanson's Latin American Letter*, nº 1.231, Washington, DC, 19 de outubro de 1968 (Boletín confidencial de información sobre o comercio e as inversións en Latinoamérica).

(11) MALPICA, Carlos: *El mito de la ayuda exterior*, Francisco Moncloa Editores, Lima, 1967, p112.

¿Xunta militar ou movemento político?

Nunha declaración perante da Comisión de Asuntos Exteriores do Senado dos Estados Unidos, o entón secretario de Defensa Robert S. Macnamara dixera en 1962: “Posiblemente os maiores beneficios da nosa inversión en axuda militar proveñan da formación de oficiais e especialistas nas nosas academias militares (...) Son os futuros dirixentes dos seus pobos, os homes que posúen coñecementos que logo transmiten aos seus propios exércitos (...) A amizade deses homes é de valor incalculable⁽¹²⁾”. O Congreso aprobou aquel ano un orzamento de case 19 millóns de dólares para formación de militares latinoamericanos. Era o intre culminante da axuda exterior norteamericana como instrumento principal do achegamento aos países de América Latina e do terceiro mundo en xeral.

Os militares latinoamericanos, ao volveren aos seus países, transmitían o que tiñan aprendido nos EEUU, mais non sempre presentando o aspecto que os norteamericanos considerarían positivo. Esa era a orixe da tendencia a criticaren obxectivamente, e moitas veces a condenaren categoricamente, a sociedade que os acollera para lles dar instrución especializada e, sobre todo, a relación entre aquela sociedade e a situación dos seus subdesenvolvidos países.

“As forzas armadas peruanas teñen plena conciencia dos problemas nacionais”, respondeu o ministro da Facenda, xeneral Francisco Morales Bermúdez (que xa fora ministro co réxime derrocado de Belaúnde), cando nunha conferencia de prensa lle preguntáramos se a política do novo réxime seguía un guiño preparado anticipadamente polos militares. “Hai moitos anos –engadiu– que nos principais centros de formación castrense estúdiase en profundidade a realidade nacional. Tiveramos a esperanza de que, no derradeiro goberno constitucional, se realizaran as necesarias transformacións das estruturas sociopolíticas. Desafortunadamente, a miopía dos partidos políticos, que non prestaron atención ós auténticos problemas de Estado, impediron a transformación desexada. E tivemos que intervir”.

O réxime constitucional anterior nacera por un acordo tácito entre Belaúnde e o exército, co compromiso governamental de proceder ás reformas estruturais que os militares estimaban necesarias. Iso acontecera, como xa temos sinalado, en 1963, cando o exército anulara as eleccións que terían dado a victoria ao ex-dictador Odría coligado co APRA, de Haya de la Torre. E xa entón falábase de “nasserismo” dentro das forzas armadas.

O “nasserismo” –algún alcume había que pórllle ao nacionalismo populista dos militares– fraguábase no Centro de Altos Estudos Militares (CAEM), creado en 1958 e que tiña unha curiosa característica: o seu programa daba máis cabida á historia, ás relacións internacionais, ás ciencias sociais, á xeografía e á planificación do que ao ensino tradicional das escolas de guerra⁽¹³⁾. A tese fundamental do CAEM era,

(12) *Hearings Foreign Assistance Act of 1962*.

(13) BOURRICAUD, François: *Poder y sociedad en el Perú contemporáneo*, Colección Perú-Problema, Moncloa-Campodónico Editores Asociados, Lima, 1969, p319.

literalmente, a de que “a misión fundamental das forzas armadas é coidar do benestar social, finalidade suprema do Estado”.

Con todo, unha cousa é declarar ese principio e outra que o instrumento, as forzas armadas, se rebelen contra o Estado porque este non cumpre a súa finalidade fundamental. En 1963, o exército tratara de convencer ao presidente Belaúnde de que suspendera a Constitución, pechase o Congreso e gobernara mediante un sistema de “democracia directa”, vía referendo, porque os plans de reforma agraria, que os militares prepararan no ano que gobernaron antes de Belaúnde, estaban xa desvirtuados por un Congreso no que a oligarquía e os intereses partidarios tiñan todo o poder. Perante a negativa do Presidente, os militares comezaron a preparar o seu derrocamento.

Nunha situación parecida, Nasser, en Exipto, tiña previsto claramente a necesidade de mobilizar o apoio popular antes de asaltar o poder. Os “oficiais libres” exipcios comezaran moi cedo a experimentaren coa organización dunha fronte política que puidera servir de base a un movemento de masas. Os militares peruanos non tiñan feito esa previsión cando tomaron o poder, e foi esa unha das causas do seu fracaso.

A incógnita ideolóxica do réxime

O presidente, xeneral Juan Velasco Alvarado, non era moi coñecido fóra do país, nin mesmo fóra dos ambientes militares. Poderíase dicir que era un “compadrazo”, de clase media e home de enorme ambición, de brillante carreira militar (alistouse de soldado raso en 1929, cando tiña 19 anos). Ingresou logo na Escola de Oficiais graduándose en 1934. No ano 1965 xa era xeneral de División, tiña representado ao Perú na Xunta Interamericana de Defensa, en Washington, e fora Agregado Militar en París, onde, segundo un folleto publicado en Londres⁽¹⁴⁾, desenrolou unha grande admiración polo presidente De Gaulle e polo nacionalismo gaullista.

Dos seus colaboradores orixinais, o primeiro ministro, xeneral Ernesto Montagne Sánchez, era considerado “moderado” e tiña gran prestixio internacional, moi relacionado cos militares arxentinos e brasileiros. Un dos colaboradores máis importantes era o xeneral Edgardo Mercado Jarrín, encargado de Relacións Exteriores, de gran capacidade intelectual e claridade ideolóxica, que nun discurso na Asemblea Xeral das Nacións Unidas fixo unha exposición fonda e ampla do “nacionalismo humanista” –segundo a súa definición– do réxime peruano. O representante da “líña dura” e, diríamos, totalitaria do réxime era o xeneral Armando Artola Azcárate, ministro de Goberno e Policía, que nada máis entrar no ministerio comezou a tomar medidas en contra dos medios de comunicación. O seu “estilo” pode ilustrarse co aconteci-

(14) BENTON, Kenneth: *Peru's Revolution from above*, Conflict Studies, nº 2, Londres, 1969.

do nunha concentración de manifestantes rurais, cando se falaba da necesidade de celebrar eleccións municipais:

“¿Queren eleccións municipais?”, preguntou á concentración. “¡Non!”, responderon os manifestantes. “A voz do pobo é a voz de Deus, e a esas dúas voces imos responder nós”, prometeu o ministro.

Un xornalista inglés, que entrevistou ao presidente, preguntou que medida importante adoptaría despois da nacionalización da IPC. “¡Qué curioso! –din que lle respondeu o presidente– iso mesmo estabamos a preguntarnos hoxe eu e varios ministros”. Aínda descontando a forte carga de retranca que levaba a resposta, era evidente que o réxime chegara a unha encrucillada. Ata unha revista oficialista dicía, en maio de 1969, que a Revolución estaba estancada.

O que quedou do ensaio populista

“Isto chéirame a petróleo e reforma agraria”, comentou Velasco cando escoitaba os vótores no Estadio Nacional no que ía presidir un encontro de fútbol entre Perú e Bolivia. Efectivamente, a partir do 28 de xuño de 1969, data na que se promulgou a Lei de Reforma Agraria, o réxime recuperara a popularidade que tivera coa nacionalización da IPC. Unha reforma agraria que, en palabras de Velasco, “constituía a primeira transformación estrutural que tivera emprendido un goberno no país”.

Con todo, a reforma agraria –como aconteceu con moitas das reformas que os militares adoptaron– aínda que fose moi radical, non deixou magoadas ás empresas estranxeiras, que xa se tiñan desprendido dos seus intereses raíces, gardando ao mesmo tempo actividades máis lucrativas, como a transformación industrial de produtos agrícolas.

O réxime de Velasco soamente durou de 1968 a 1975. Neses anos, alén da reforma agraria, adoptáronse outras reformas importantes; entre elas, unha reforma da educación. Mais a relación do réxime, que foi mudando de compoñentes ao ritmo das crises que se ían desenvolvendo, nunca chegou a dar unha definición clara da súa posición política. As relacións cos partidos nunca foron boas porque o réxime pretendía que os partidos “se adaptaran á propia realidade nacional” –quer dicir, ao que dictaran os militares– segundo expresión do xeneral Morales Bermúdez, ministro da Facenda.

Por outra parte, a partir do segundo ano da Presidencia de Velasco, a dereita tradicional peruana comezou unha “operación de amolecemento” para se congraciar cos militares, baseada na premisa de que non habería solución aos problemas económicos do país se non había inversións estranxeiras. Nunha páxina publicitaria que o Goberno peruano pagou no *The New York Times*, o presidente Velasco afirmaba que “non hai conflito entre os obxectivos da revolución e as xustas pretensións dos inversionistas”.

Con todo, os perigos para o réxime non procedían soamente das dereitas. O Goberno, entre as súas medidas, tomou a de ir recoñecendo as organizacións

sindicais, como a *Central General de Trabajadores del Perú* (CGTP) e a reconstruída *Confederación Campesina del Perú* (CCP) e, xa en 1974, a *Confederación Nacional Agraria* (CNA), organizacións que foron acadando máis importancia que a dos partidos políticos e que socavaron a estabilidade do réxime. En torno ao ano 1971, o réxime de Velasco Alvarado entra nunha nova fase, caracterizada por un endurecemento da súa política que deixa sen moitas posibilidades de acción ao reformismo burgués que tiña sido o seu sustento. O velasquismo, que ata entón aceptara tacitamente a idea de non constituírse en partido, lánzase polo camiño da organización partidaria coa idea de recoller as forzas populares organizadas. O réxime ía converténdose nunha forma de corporativismo, que non enganou ás esquerdas nin satisfacía ás dereitas.

Nesa nova fase do réxime coincidiron dous elementos: por unha banda, a acción das clases populares supera os límites do proceso e altera xa para sempre o xeito ordenado e pasivo que se tiña previsto para levar adiante as reformas; as mobilizacións populares alarman a empresarios e gobernantes, que non teñen, de momento, capacidade para frealas; xorden movementos sociais que se autonomizan crecentemente e que non son inducidos por ningunha forza da esquerda radical. Por outra banda, ao tempo que saen á superficie profundas disensións dentro do réxime, hai un enfrontamento entre os intentos estatais-corporativos de facerse co movemento popular e o movemento social organizado.

“O populismo como experiencia de clase –dixo un comentarista, aplicando a idea a toda América Latina– *nacionalizou* ás grandes masas e outorgoulles cidadanía⁽¹⁵⁾”. En xeral, esa é a conclusión principal que podemos tirar do episodio populista de Velasco Alvarado.

Outro comentarista peruano, Felipe Portocarrero, falando dende unha perspectiva de esquerdas nun debate sobre o velasquismo, dicía que había que ver naquela época “como se desenrola un proceso de autonomización política do proletariado e doutros sectores do movemento popular fronte á tutela política das capas medias, que se manifestou claramente na redución importante do ámbito de influencia do APRA e doutros partidos burgueses no seo da clase traballadora⁽¹⁶⁾”.

É curioso sinalar que no Perú actual –logo de tantas transformacións e experiencias dolorosas– os anos do velasquismo teñen quedado un tanto soterrados. De “historia prohibida” cualifica unha autora o que ten acontecido co velasquismo: “O velasquismo tense ido transformando en “historia prohibida” non rescatada, nun episodio que non se pode ollar, malia ser un capítulo importante no desenvolvemento do movemento popular no Perú⁽¹⁷⁾”.

(15) PORTANTIERO, Juan C.: *Lo nacional popular y la alternativa democrática en América Latina*, en América Latina 80: democracia y movimiento popular, DESCO, Lima, 1980.

(16) Intervención de Portocarrero en *El reformismo burgués [1968-76]*, Mirko LAUER (moderador), Debate Socialista 2, Mosca Azul Editores, Lima, 1978.

(17) TOVAR, Teresa: *Velasquismo y movimiento popular. Otra historia prohibida*, DESCO, Centro de Estudios y Promoción del Desarrollo, Lima, 1985.

Opiniós recollidas recentemente entre peruanos coinciden en destacar que, a partir de 1968, empezaron a dicirse cousas que anteriormente ninguén era quén de dicilas. Conceptos e terminoloxía que fan referencia aos sectores sociais, ás clases; un novo xeito de conceptualizar determinadas nocións, coma a do traballo en tanto que fonte de riqueza; os diagnósticos da realidade nacional no que se refire a capitalismo, inxustiza social, analfabetismo; a reivindicación e recuperación de elementos nacionais da cultura, como a legalización do quechua, ou as indumentarias indíxenas.

Un observador peruano facía recentemente unha consideración que podería servir para ilustrar o pouso que deixou o velasquismo: A transformación fundamental que observou en Lima, ao voltar despois de varios anos no estranxeiro, e cando xa o velasquismo levaba tempo no poder, foi que, a diferencia do que acontecía antes do golpe de Estado, e por moito que continuara habendo –como continúa– diferencias de clases, “señores” e “cholos” compartían transporte público ou eran veciños de mesa nos restaurantes. A invasión que lles pronosticábase aos amigos colombianos en 1969 tivo no Perú unha versión peculiar e non tan violenta como podía ter sido, por obra dun ensaio populista.

Ramón Lugrís é escritor e traductor de organizacións internacionais.